



## **Pilar Rojo define como “razoable, democrática e proporcional” a proposta de reparto de iniciativas aprobada esta semana pola Mesa e Xunta de Portavoces**

- **Defende a legalidade da medida e recorda que como presidenta da Cámara sempre procura o aval dos Servizos Xurídicos, ao tempo que vela “polos dereitos de participación democrática de todos os grupos”**
- **Amósase sorprendida porque as críticas á norma que regula o parque móbil da Cámara xurdan case catro anos despois de ser aprobada, malia que nada ten mudado desde entón**

**Santiago, 8 de febreiro de 2015.-** A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, explicou hoxe que a proposta para o reparto de iniciativas no Pleno da Cámara, aprobada o pasado martes pola Mesa e Xunta de Portavoces é “razoable, democrática e proporcional”.

Nunha entrevista emitida este mediodía pola Cadea SER, Rojo Noguera recordou que ela mesma presentou á Mesa da Cámara unha proposta “razoable”, que a Mesa a “adoptou por unanimidade” para ser logo trasladada á Xunta de Portavoces, onde “se posicionaron os distintos grupos e aprobouse”. “Houbo un acordo de xeito natural, como hai moitos na Mesa e na Xunta de Portavoces”, afirmou.

Subliñou Rojo Noguera a legalidade da medida adoptada, e engadiu que como presidenta da Cámara sempre procura que as súas decisións sexan acordes coa lexislación e co Regulamento, e estean avaladas polos Servizos Xurídicos da institución. E vela “por suposto, polos dereitos de participación democrática de todos os grupos”.



Durante a entrevista, a presidenta da Cámara tamén apelou á “racionalidade e serenidade” dos deputados para evitar que se volvan repetir sucesos e expresións que afectan á dignidade das persoas. “Os cidadáns non merecen escoitar as cousas que escoitan” en ocasións, afirmou, antes de recordar que a retirada dunha expresión do *Diario de Sesións* leva implícita unha chamada á orde para o deputado que a pronuncia. Recordou que unha terceira chamada á orde implica a expulsión, unha situación que considera “triste”, pero para a que a faculta o Regulamento.

### **Coches oficiais**

Sobre as críticas á aplicación do acordo da Mesa da Cámara que regula a utilización cos coches oficiais da institución, a presidenta do Parlamento amosou a súa sorpresa porque sexa agora cando se cuestiona a aplicación dun texto aprobado hai case catro anos e que desde entón se ven aplicando do mesmo xeito. Vinculou os intentos de polemizar con este asunto co actual momento preelectoral.

“Non se mudou nada, todo o contrario -afirmou-. O único que se mudou nesta legislatura, desde inicios de 2013, é a posibilidade para os membros da Mesa que cando non usan o coche oficial que podan pasar os gastos de quilometraxe como o resto dos deputados”. Para o resto “é o mesmo espírito. Se agora se fai outra interpretación, se queren outra proposta distinta, que a plantexen. Ata o de agora, despois de case catro anos con este acordo nunca se dixo nada”, agregou

Apuntou a presidenta do Parlamento que a utilización dos coches oficiais sempre se efectuou de acordo coa norma en vigor, tanto por parte dos membros do PP no órgano reitor da Cámara, como “noutros momentos outros membros da Mesa”. Explicou que os cambios introducidos no parque móbil da institución permitiron reducir os 9 coches da 7ª legislatura ata os 3 coches e unha furgoneta actuais. E que se pasou de 8 a 4 condutores. “Os membros da Mesa utilizan o coche de xeito institucional, para as tarefas representativas e institucionais”, derivadas do seu cargo.



## **Demagogia e populismo**

Preguntada sobre se lle preocupa Podemos, Pilar Rojo afirmou que o que realmente lle preocupa é o ascenso das “demagoxias e os populismos”, que “enganan á cidadanía” na medida en que non explican como pretenden materializar o seu discurso.

“Agardo que as cousas se sereen, que as cousas vaian mellor; penso que están indo a mellor , agregou.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.